

Boqueixón, o espello do rural galego

Boqueixón está máis preto de se converter no “espello do rural de Galicia”. O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA) de Sergude acolleu a presentación do proxecto gañador do concurso de ideas para a transformación do Pazo de Quián-Sergude no futuro centro de promoción e imaxe dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais da comunidade autónoma.

Un acto no que se entregaron os premios aos proxectos finalistas e que estivo presidido polo titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo; o conselleiro do Medio Rural, José González, e o alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín. Tamén asistiron o delegado territorial, Gonzalo Trenor, e o deputado autonómico Ovidio Rodeiro, entre outras autoridades e profesionais da arquitectura que participaron no concurso.

Manuel Fernández Munín indicou que “para o noso Concello é unha enorme satisfacción que se sigan a dar pasos na materialización dun proxecto que vai converter o noso municipio no espello do rural galego. As 100 hectáreas deste complexo de Quián achegarán Boqueixón a profesionais e cidadanía postulándoo como un exemplo do bo facer no sector primario e do potencial que ten para xerar riqueza e emprego no conxunto da nosa sociedade. Ademais, este espazo



Autoridades que entregaron os premios aos proxectos finalistas



A proposta gañadora do concurso de ideas foi denominada “Buxo”

porá tamén en valor todo o que Boqueixón pode ofrecer, xa que o noso territorio será o exemplo desa Galicia que aspira a ser referente”.

Proposta gañadora

A proposta gañadora foi denominada *Buxo*, elaborada por Jorge Salgado, Celso López, Magdalena Arousa Portela e César Portela. Sobre esta proposta, o presidente da Xunta subliñou que “as 100 hectáreas que envolven o complexo conciliarán as visións dun territorio ordenado, coidado e fértil en produtos de calida-

de. En definitiva, estamos a falar dun modelo a escala da Galicia rural na que cremos: ordenada, con produtos agroalimentarios de calidade e cun plantexamento forestal a curto e longo prazo”.

Segundo Núñez Feijóo, durante o exercicio 2021 destinaranse 4 millóns de euros para iniciar a materialización deste proxecto. Esta comezará coa reforma do CFEA de Sergude (con capacidade para máis de 130 estudantes de ciclos formativos ligados ao rural), e a residencia de estudantes, onde se atopan medio cen-

to. Ademais intervirase na conservación e renovación do Pazo de Quián como espazo lúdico e de carácter representativo, coa recuperación de peches e xardíns e a mellora da urbanización. “E, en fases posteriores, ergueráse un edificio sobre a Cruz do Naveiro, que se denominará O Castro e que será un escaparate dos produtos agroalimentarios e forestais”, engadiu Núñez Feijóo. Nas instalacións tamén se concentrarán un centro temático e de promoción gastronómica (para que os cocineiros galegos poidan traballar con produtos do país) e un espazo para organizar mostras e eventos.

O proxecto tamén contempla unha granxa vacún con todas as razas autóctonas existentes na Comunidade. Así, estará dotada con queixería, e con silos, almacén, taller de maquinaria e acceso directo aos pastos, así como instalacións para cabalos de pura raza, exemplares de porco celta, cabras, ovellas e galiñas.

No eido da agricultura, contará con tres zonas: unha para cultivos de horta, cereais e viñedos que enxalcan as producións agroalimentarias con selo de calidade; un parque forestal destinado a resaltar a multifuncionalidade e a diversidade dos nosos montes; e doutra zona de pastos. Todo procurando un balance cero enerxético coa implantación de enerxías renovables.

Aprobada unha modificación puntual das normas subsidiarias

O Pleno de Boqueixón deu luz verde (cos votos a favor do executivo do PP e a abstención da oposición) unha modificación puntual das Normas Subsidiarias sobre a regulación de posicionamento viario en distinto tipo de solos.

Ditos cambios veñen motivados, segundo explicou o alcalde, Manuel Fernández Munín, “por disfuncións sobre os peches aos viais. As licenzas outorgadas realizáronse en base ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que resultou anulado hai un ano e as Normas Subsidiarias actualmente en vigor non se corresponden cos mesmos criterios, xa que se basean na realidade urbanística e lexislación do ano 1994”.

Obxectivo

Con esta modificación as distancias dos peches aos viais, serán de 4 ou 5 metros en función do tipo de vía, co que quedarían moi semellantes á norma do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2015. Deste xeito trátase de corrixir unhas condicións moi restrictivas, xa que segundo as normas subsidiarias de 1996, en algún casos, a distancia dos peches ao centro da vía, pode chegar nove metros.



Novo obradoiro de emprego para a mocidade de Boqueixón

Un total de dezaseis mozos e mozas de Boqueixón, Teo e Vedra participarán no obradoiro de emprego de garantía xuvenil “EmprégateAPP”, promovido por estes tres Concellos grazas a unha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade. Este proxecto está cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020 e supón un investimento total de 419.492 euros, achegando a Xun-

ta de Galicia un total de 369.490 euros.

“EmprégateAPP” está dirixido a persoas mozas, de entre 16 e 30 anos, incluídas no Sistema de Garantía Xuvenil no ámbito de Galicia. Dezaseis delas participarán durante un ano nun obradoiro para aprender a crear aplicacións para dispositivos móbiles orientadas tanto á promoción turística dos nosos municipios como á información e comunicación dirixida aos veciños e veciñas da contorna.

As clases impartiranse na Casa Común de Oza (Teo) a partir do vindeiro 19 de xullo, en horario de mañá. Durante eses doce meses, o alumnado-traballador recibirá unha formación teórica e práctica, pola que cobrará un salario mensual. Se supera o programa formativo, obterá un certificado de profesionalidade que o facultará para traballar como *Técnico en data mining* (minería de datos) ou como *Programador de aplicacións de xestión*.

Tolerancia e igualdade no Día da Diversidade Sexual

O Concello de Boqueixón sumouse á campaña de sensibilización “Liberdade de ser e sentir”, promovida pola Deputación co gallo da conmemoración do Día da Diversidade Sexual.



A casa consistorial loceu a bandeira coas cores do arco da vella

Uns 300 escolares participan na prevención de adiccións

Preto de trescentos alumnos e alumnas de Boqueixón, Teo e Touro participaron ao longo do curso 2020-2021 nas actividades do proxecto de prevención de condutas adictivas, promovido polo Servizo de Prevención destes tres concellos en colaboración coa Concellería de Sanidade.

Deste xeito, impartíronse obradoiros de habilidades sociais nos que o alumnado participante, de 3º e 6º de Educación Primaria, aprenderon estilos de comportamento, sistemas para o control da ira, técnicas para a resolución de conflitos e a importancia da empatía e de poñerse no lugar da outra persoa.

Así mesmo, impartíronse cursos de formación sobre cine e saúde consistentes na proxección



Momento dun dos obradoiros de habilidades sociais impartidos este curso

de tres películas, unha por cada trimestre: *El parque mágico*, *Abominable* e *Señor... dame paciencia*. Cada un destes filmes estaba acompañado por unha unidade didáctica para que cada alumno e alumna puidera traballar valores como a perseverancia, a tolerancia, a imaxinación ou o respecto pola natureza.

O desenvolvemento do programa de prevención de condutas adictivas promovido polos Concellos de Boqueixón, Teo e Touro estivo condicionado pola pandemia da Covid-19, que minguou a participación e impediu a realización de obradoiros externos nalgún dos centros educativos na área de influencia deste servizo.

A Bibliopiscina levará actividades culturais todos os venres á piscina municipal

A Bibliopiscina de Boqueixón abrirá as súas portas todos os venres, entre o 16 de xullo e o 27 de agosto, con contacontos e actuacións dirixidas a nenos e nenas de ata 10 anos. A maiores, a partir das 16:00 horas haberá un carriño con libros curtos para a rapazada e para persoas adultas.

Na programación da Bibliopiscina de Verán destacan as actuacións musicais de Paco Nogueiras con "Radio Bulebule" (23 de xullo, 19:00 h) e Xoán Curiel, cun conto-concerto para montar a túa banda no verán (20 de agosto, 18:00 h). Pola súa banda, os contacontos e obradoiros infantís terán lugar de 19:00 a 20:30 horas.

Unha visita á Catedral pecha a tempada do programa de Prevención da Dependencia

Unha visita á catedral de Santiago serviu de peche do curso 2020-2021 do Programa de Prevención da Dependencia. Unha iniciativa dos Servizos Sociais de Boqueixón que tivo que superar numerosos atrancos durante esta pandemia sanitaria, que obrigou a facer subgrupos e fixo tamén que gran parte das persoas que adoitan participar non asistiran ás actividades programadas para esta etapa.

Sete veciños e veciñas participaron na visita, acompañados pola concelleira de Servizos Sociais, Ana María Seijo, e polo párroco de Lestedo, José Sánchez Piso, quen fixo de guía e explicou o a historia da catedral. A expedición desfrutou dunha merenda na Praza da Quintana, cruzaron a Porta Santa e asistiron á Misa do Peregrino. María Pereira, educadora familiar encargada do programa, explica que "moitos



A expedición cruzou a Porta Santa e asistiu á Misa do Peregrino

non se acordaban de vir a Santiago, a pesar da proximidade, polo que foi para eles toda unha excursión".

As persoas que estean interesadas en participar

na vindeira tempada do Programa de Prevención da Dependencia deberán dirixirse aos Servizos Sociais de Boqueixón ou chamar ao 981 513 106.

Retirados máis de 3.100 qu

As Xornadas de Limpeza da Sima do Pico Sacro finalizaron coa retirada de preto de 3.100 quilos de materiais en máis de 200 sacas. “Para o Concello de Boqueixón é unha satisfacción ter completado esta iniciativa. Agradecemos o interese e o altruísmo das arredor de 30 persoas voluntarias, que sumaron os seus esforzos para unha nova posta en valor deste icónico enclave, sempre coa premisa de respectar o medio natural e contribuír á súa preservación”, afirmou o alcalde, Manuel Fernández Munín.

Dende a Federación Galega de Espeleoloxía, o seu presidente, Francisco Martínez, realizou “un balance positivo de toda esta acción. Grazas aos traballos desenvolvidos durante a fin de semana fomos quen de ampliar o fondo do Burato dos Mouros –o punto de confluencia de ambas as dúas covas– ata os 80 centímetros, cando comezamos con tan só 20. Deste xeito, pódese pasar perfectamente dunha cova á outra”, concreta.

Visitas espeleolóxicas

O obxectivo da Federación para o futuro máis próximo é promover a posta en marcha de visitas espeleolóxicas guiadas ao interior das covas do Pico Sacro. Unha iniciativa que se apoiará dende o Concello que valora moi positivamente o desenvolvemento de actividades que acheguen distinto tipo de visitantes a este lugar. “Ao mesmo tempo, procuraremos que este novo programa turístico sirva para promover unha maior concienciación sobre



Persoas voluntarias sumáronse á xornadas de limpeza da sima do Pico Sacro, promovidas polo Concello e a Federación Galega de Es



O obxectivo futuro é poñer en marcha visitas espeleolóxicas guiadas ao interior das covas



Ao longo das xornadas retirá

a importancia de conservar o medio natural e achegarse a el dun xeito respectuoso”, concreta o rexedor boqueixonés.

Ao labor da vintena de federados/as desta entidade cómpre sumar tamén os traballos de observación arqueolóxica realizado por arredor de 10 integrantes e persoas voluntarias do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), con Ana M^a Ruiz Blanch, investiga-

dora do Incipit que está a traballar nunha tese doutoral sobre a Raíña Lupa, como coordinadora. Aínda que, en xeral, os materiais non deberan ter interese patrimonial como tal, si se atoparon distintos obxectos curiosos, que reforzan ese misticismo arredor do Pico Sacro.

Charla informativa

Por outra banda, dende a Federación Galega de Espeleoloxía tamén organizaron unha charla informativa so-

bre *A xeoloxía do Pico Sacro*, que tivo lugar no Centro de Interpretación. A sesión, á que acudiron máis de 30 persoas, correu a cargo de Marcos Vaqueiro Rodríguez, Doutor Espeleólogo desta entidade.

Na súa disertación, o experto da Federación detallou como se formou o Pico Sacro e como evolucionou co paso dos anos, ao tempo que ofreceu información de interese sobre a importancia das covas e a súa xeodiversidade.

Quios da sima do Pico Sacro



peleoloxía, para axudar a poñer en valor este icónico enclave



As xornadas tamén serviron para concienciar á xente sobre a importancia de coidar o medio natural



ronse máis de duascientas sacas de materiais

Retómanse as visitas xeolóxicas no verán

A empresa Geotur Galicia, en colaboración co Concello de Boqueixón, fará visitas xeolóxicas ao Pico Sacro os domingos 4 e 18 de xullo; 1, 15 e 29 de agosto, e o 12 e 26 de setembro, ás 11.00 horas.

O prezo da visita é de 10 euros por persoa, sendo de balde para menores de 12 anos. As prazas son limitadas e cómpre realizar inscrición previa a través de geoturgalicia@gmail.com ou chamando ao 675 820 520. Así mesmo, débense respectar todas as medidas

de seguridade e prevención fronte á Covid-19 durante o desenvolvemento da actividade.

Os percorridos terán como punto de encontro o aparcadoiro do Pico Sacro e terán unha duración aproximada dunha hora. Durante o traxecto falarase das covas de cuarzo natural do Pico Sacro, as únicas estudadas no mundo; e faranse paradas informativas en distintos puntos como o cumio principal deste monte sagrado, o sub-cumio oeste, as dúas bocas das covas...



Máis de trinta persoas asistiron á charla "A xeoloxía do Pico Sacro", a cargo do doutor Marcos Vaqueiro

Que agochaba a cova do Pico Sacro?

O Centro de Interpretación do Pico Sacro, Cachosenande-Lestedo, acollerá unha charla informativa sobre como se desenvolveron os traballos de limpeza da sima do monte sagrado boqueixonés.

A conferencia terá lugar o venres 9 de xullo, ás 20:00 horas, e será impartida por Marcos Vaqueiro Rodríguez, doutor en Espeleoloxía.

A mocidade inicia un Campamento Recreativo e Ambiental

O Concello de Boqueixón vai levar a cabo durante este mes de xullo un Campamento Recreativo e Ambiental (CREA), unha nova iniciativa lúdico-educativa que busca que a mocidade interiorice os valores ambientais e patrimoniais do municipio.

O Verán Activo abre as súas portas

O Verán Activo 2021, programa lúdico e educativo do Concello de Boqueixón para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral nas vacacións escolares, abriu as súas portas o pasado 23 de xuño con 40 participantes. De idades entre os 3 e os 12 anos, desfrutaron dun intenso programa de ocio nas instalacións municipais do Forte e no CPI Antonio Orza Couto.



Uns corenta rapaces e rapazas tomaron parte na queda de xuño

En xullo, o número de participantes medra ata os 80, habendo 40 previstos para agosto e outros

20 para setembro. En total, 90 familias farán uso deste programa de conciliación ao longo do verán.



Alumnado de primaria (arriba) e de secundaria nunha das clases de inglés

Rematan as clases de inglés programadas polo Concello

O Concello de Boqueixón vén de pechar o prazo de inscrición para as clases de inglés do curso 2021/2022, polo que en próximas datas dará a coñecer a través da súa páxina web o listado de admitidos e os grupos que se conformen. Despois disporase de 5 días hábiles para presentar alegacións, tras o cal publicarase a listaxe definitiva.

Unha situación que coincide no tempo coa clausura do curso 2020/2021,

na que medio cento de nenos e nenas de infantil, primaria e secundaria, así como mozos e mozas a partir de 16 anos, viñan cursando dende o pasado mes de outubro de 2020, a razón de dúas horas por semana.

As clases tiveron lugar no CPI Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias precisas para cumprir coa normativa vixente en materia de prevención da Covid-19.

As Tardes Educativas e de Lecer axudaron a conciliar ás familias

Fin das Tardes Educativas e de Lecer, programa posto en marcha polo Concello de Boqueixón para axudar unha vintena de familias a conciliar a vida laboral e familiar. Un servizo de acompañamento escolar e xogos no CPI Antonio Orza Couto.





Os Campamentos de Verán reúnen a 38 nenos e nenas

Un total de 38 nenos e nenas de Boqueixón, tanto de educación primaria como secundaria, participaron do 23 ao 30 de xuño nos Campamentos

de Verán 2021, unha iniciativa do Concello para facilitarlles a participación en actividades educativas e de tempo libre neses días de vacacións

escolares. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, aproveitou a derradeira xornada para visitar á rapazada na praia de Vilanova de Arousa.

As Noites de Cine volven a Boqueixón en xullo e agosto

Noites de Cine, programa posto en marcha polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Deputación, ofrecerá 3 sesións gratuítas e dirixidas a un público familiar. As proxeccións terán lugar en sábado, ás 23:00 horas e nun lugar ao aire libre, con cadeiras e pantalla xigante. Os filmes son “*El Rey León*” (Carballeira de Rodiño, 10 de xullo), “*Donkey Xote*” (campo do río de Ponte Ledesma, 7 de agosto) e “*Pinocho 3.000*”, (campo da feira de Lestedo, 14 de agosto).

A maiores, o 15 de agosto, ás 22:30 h, o campo da feira de Lestedo acollerá a estrea de “*Cuñados*”, unha comedia para a que será preciso recoller entrada esa semana no Concello ou en Lestedo, unha hora antes da proxección.



Unha vintena de mozos e mozas finalizan o curso de monitor de tempo libre

Unha vintena de mozos e mozas veñen de finalizar o curso de *Monitor de actividades de tempo libre*, que lles dá acceso a unha titulación homologada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta. Antes, o alumnado deberá completar 150 horas de formación práctica.



A campaña “Luz pola ELA” ilumina de verde a casa consistorial boqueixonesa

O Concello de Boqueixón sumouse á acción de visibilidade da ELA (esclerosis lateral amiotrófica) iluminando de cor verde a fachada da casa consistorial e baixo a lenda “#Luzporela”. Unha iniciativa coa que o Concello conmemorou o pasado 21 de xuño o Día Internacional da ELA.

A piscina municipal abre as súas portas

A piscina municipal de Boqueixón vén de abrir as súas portas o pasado 23 de xuño e de forma gratuíta ata o pasado 1 de xullo. As instalacións localizadas en O Forte estarán abertas de luns a domingo, festivos incluídos, en horario de 15:00 a 21:00 horas. O aforo tanto de toda a instalación como da lámina de auga estarán anunciados na entrada, sendo obrigatorio seguir as indicacións dos técnicos de salvamento acuático.

O prezo da entrada será de 3,71 euros, mentres que os bonos de 20 entradas custarán 6,17 euros (para nenos e nenas ata 16 anos)

e 12,34 euros para persoas adultas. Así mesmo, haberá distintas opcións de bono familiar, de 20 entradas, a distintos prezos: bono pai e nai (15,43 euros), cota polo primeiro fillo (6,17 euros) e polo segundo fillo (3,09 euros). A partir do segundo fillo non haberá que aboar cota ningunha.

O pago deberá realizarse mediante abono bancario ao Concello de Boqueixón no número de conta ES68 2080 0320 2531 1000 0666. O recibo coa confirmación do ingreso deberá presentarse na piscina municipal no momento de retirar o abono.



Un total de 28 participantes nos cursos de natación

Un total de 28 nenos e nenas, de entre 4 e 15 anos, participarán nos cursos de natación estivais convocados polo Concello de Boqueixón para os meses de xullo e agosto. Uns cursos que terán lugar dúas veces á semana e en horario de mañá nas instalacións municipais.

Os grupos son reducidos, de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias. Ademais, durante o desenvolvemento das clases teranse en conta todas as medidas de seguridade vixentes en cada momento.

AXENDA DO MES DE XULLO

Domingo
4-18

Visitas xeolóxicas ao Pico Sacro

11.00 horas. De balde.
Prezo: 10 € persoas (-12 gratis).
Inscricións: geoturgalicia@gmail.com

Venres
9

Que agochaba a cova do Pico Sacro?

Centro de Interpretación do Pico Sacro. Cachosenande-Lestedo.
20.00 horas. De balde.
Imparte Marcos Vaqueiro Rodríguez, doutor en Espeleoloxía.

Sábado
10

Noites de Cine: El Rey León

Carballeira de Rodiño.
23.00 horas. De balde.
Todos os públicos.

Domingo
11

Concerto da Banda de Música Municipal de Agolada

Carballeira de Rodiño.
12.00 horas. De balde.

Xoves
15

Magín Blanco: O que levamos nas maletas

Instalacións do Forte.
10.00 horas. De balde.
Espectáculo musical para público infantil.
Inscricións no Dpto de Cultura, 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com

Venres
16

Contaconto: O Grúfalo

Bibliopiscina.
19.00 horas. De balde.
Lectura do conto e confección dunhas caretas coa cara do grúfalo.

Venres
23

Paco Nogueiras: Radio Bulebule

Bibliopiscina.
19.00 horas. De balde.
Espectáculo musical a cargo do músico Paco Nogueiras.

Venres
30

Mago Paco: Maxia divertida 3.0

Instalacións do Forte. 10.00 h.
Inscricións no Dpto de Cultura,

Venres
30

Conto: Voy a comedte!

Bibliopiscina. 19.00 horas
Pintarán o coelliño e o lobo.

e en agosto...

Venres
6

Noite velada. Habelas Hainas

Campo do Río de Ponte Ledesma.

Xoves
12

Observación astronómica: Perseidas

Pico Sacro.
22.00 horas. De balde.
Observatorio Astronómico Ramón María Aller.
Inscricións no Dpto de Cultura.

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com